

A Festa do Muiño de Fausto

E tamén para María Xesús, Avelina, Elena, Miro, Celso, Antonio e Sito, que habitaran nesta marabilla da palabra e da paisaxe, in memoriam

Son as augas da ledicia, coma en pingas. Nacen, abren camiño, baixan, veñen, roucean nas viravoltas, están de señorío nas avenidas da paisaxe. Queren sempre ser amigas e son fartura e canto: aquela tanta voz que vén silente para que a terra *con-sinta* nos pasares a música da auga, esa orquestra que saben os paxaros de sempre agradecer e chirilan, repenican, frolean as horas mailos días nunha aprendizaxe dos séculos que a Terra non cansa de anovar.

Muiñeiro vai na procura do pazo obrador, aló onde non medra o silencio, porque todo é, existe a vida. Por iso aquí as augas son de seu fonética, palabra que rompe en luces contra a pedra ou que gurgulla paseniño na valgada a deprender das cotovías e dos xílgaros, que son aves de noso tamén e tanto coma a casa e a paisaxe. E Río vai.

Aínda cativo de auga libertaria depenica na baixada, olla ao lonxe e xa se albisca o seu namoro na curva por onde a sombra quer a luz para que a sede veña en manso e medren as horas do sol tanto coma espello do encoro fronte á rocha subideira: case un cantil de lume que non cesa; e o granito impón no altor ese tanto respecto para a licencia. Embaixo o regueiriño cede, concede, consulta e convence o chan das brañas e das humidades coma un neno que sorrí e bica por primeira vez a pedra imponente. A Voz

da Lingua de todas as palabras tamén fala aquí galego e soña intérpretes para a licencia dos camiños que son ceo de grilos, herbas de namorar, casarellas da toupa que quixo ser cega para máis ver; bidueiras que medran cara ao teito do sol e da chuvia; pradairos que estarrican o ferrete das herbas do namoro, por se abellas hai. E sobremaneira, ao lonxe, o faro que o río aínda non sabe de que e de quen pode ser.

Son así case todas as biografías das nosas augas: *unha fonte, o colo da terra, a boca do mar*. Moitas hai que son maiores, de tanto engulir o paso dos séculos e iren cabo de lonxe ata que o sol se entrega aos bicos de namorar o salgado, onde habitan as luces do silencio e do profundo que é a vida cando o tempo sabe recibir e conformar. E velaí comeza o xogo nos atlánticos, índicos, árticos, antárticos, pacíficos... *A revolta líquida. O magnetismo da maxia e das multiplicacións*. O mundo outro, que os humanos acreditan nas superficies e no escaso profundo, sen máis saber e gobernar ca un *bocadinho* de tempo que os océanos conceden, moi de cando en vez. As augas xa son dende os milenios; tamén *Arnego, Arno, Arnoia; Miño, Sil, Avia, Ulla, Deza, Sar, Tambre, Eo, Eume, Lor...centos*. *Aí están algunas das palabras líquidas de noso*, coma nautas nas superficies e nos agochos que aló hai.

Un día do mes do máis grande do ano a miña nai levoume consigo ao río máis pequeno: aquel que ten os pasares coma anteollos de xigante, para que o mundo saiba e pousen os pelegríns o pé coma un carimbo que axiña ha ser “*a compostelana*” que se entrega en Libredón, o bosco primixenio doutro tempo que era inicio do románico e daquela tanta luz en marabilla.

“Este é o río *Catasol*, ven comigo e xa o saberás”.

Souben así das troitas e dos cabaliños da auga; dos espellos que deixan ver o profundo e da sombra das abidueiras. A miña paisaxe.

-*“¿Queres lavar as maus?. Anda ven, que está morniña”.*

-*“¿E pódese beber?”*

-*“Agora non tes sede”*

-*“Teño unha pouca”*

-*“Non mintas...”*

Era a primeira vez de encararmos os dous, o río e máis eu, os espellos da vida. Andando os anos souben polas enciclopedias que aquela ocasión da memoria íase atopar con outro que se chamaba Furelos e despois co Ulla e despois dos despois e das tantas légoas e das deshoras embocarían o mar grandísimo que se nomina Atlántico. E aquela voz case mete medo e mais respecto na noite canda os ecos: *Atlánnnn tiiiiii coooooooooohhh...!!!*

-*“Por onde se vai para chegar ata Cuba e Venezuela, O Brasil, Arxentina... Aló tan lonxe lonxe..., onde están os tíos de Quian”-*
dixo a mamá.

E neste remexido da infancia estamos todos a dar fe. Ninguén foxe dos medos para facer as preguntas. Querer saber. Non se poden negar nunca a estirpe e a memoria. Son coma un badal que os sineiros da Gallaecia procuraban distinto para que o paso do tempo e das idades marcasen o sinal identitario de cadaquén de noso, sen renuncias. E velaquí estamos: felices por ter vido á selva do cariño e das mantenzas, á paisaxe da endexamáis desolación, ao convivio permanente dos ben nados e garridos canda as primaveras que nos cadran felices neste espazo; coma

nun *pico sagro* con luz de seu, autente. *Bou Bou*, dixéronme as ben sabidas e sabidos de por vida na parroquia de Coiro, que así era o nome do río, un dos tantos seus: ben fermosos de por sempre en paso e en obra, en maxia, que será tamén nos adentros e nas palabras que nos sobrevivan, inesquencibeis, cando as deshoras, en por mal, acaso digan canda as sinaturas do autoodio e das colonizacións: “...e renunciade á vida do rural, que aquel mundo esfarela e xa se foi e nunca era feliz; estades parvos; sodes das outroras, non fagades caso, todo é mentira; eramos escravos, analfabetos... o mar e a terra non daban para máis”. Son as voces do desleixo, espichadas, convencidas, deprimidas, tristes. Dos que non aman. Elas, eles non están de certo hoxe aquí connosco, nesta paisaxe que nos enche de ledicia e que nos fai aínda cativo o tempo da *sabedoría daquelas tantas voces de nai pai* que conformaban o cariño, a intelixencia e os agradecementos por este e outros tantos patrimonios que a Natureza coida e garda, conserva en tanto alén das nosas vidas. Nós.

Nese outro mar das biografías persiste a ignorancia, que nos doe tanto coma un frío ou a ventada que roubase a calor. Mais a Casa existe: *aí é o niño mailo colo onde se ama e se conversa, onde se axustan as caravillas do silencio contra as provocacións, onde os avós son sabios e os netos aprendices, onde todo vai paseniño e sen renuncias cara a herdanza dos días, dos anos e dos séculos. Se aínda estamos hoxe eiquí é pola ventura de nos saber herdanza e lealdade. Aquelas mans que nos labraron a vida para o conxunto da aldea e da parroquia, que sendo así de pequeniñas son tamén un mundo, ese universo. A renuncia solidaria, a desmemoria, o desamor, as deshoras e os estragos mancan moi en serio os patrimonios desta Terramar que aínda garda as luces*

*e a calor. Falan as follas mailas flores, arrecende a vida, brinca o río, canta a voz do cacarexo, camiña a moa nese rodopío do **rou rou** entre os fonemas líquidos, aéreos; xira sobre si o reducio e a forza da auga que non cesa performa as marabillas, esa tanta luz de branca cor vestida. E o muiño vai. Remoe en día e noite, non cesa en anos, case en séculos aquela súa voz do cacarexo: pinga a pinga na pinguela o cereal que suicida así o seu fulgor. E nós aínda non o saberemos; mais existe, resiste: hai amor no muiño, que non só é dos corpos. E neste cariño, neste con-fiar coas palabras, tamén quero e digo que hoxe proseguimos na ledicia despois que un tal día e horas convidábades por primeira vez, aos bennados e aos agradecidos, para A Festa do Muíño, que nominades **de Fausto**, en bonhomía, e que así era tamén para a Literatura **Universal** de máis fulgor que no real e no imaxinario, como é a nosa, cando o tal muiñeiro das trashumancias desnortadas viviría aló en Colonia ou en Leipzig dende o ano de mil catrocentos oitenta, ficando así aquel mito de Fausto en trescentos vinteoito anos despois, cando Goethe quixo para os futuros da Literatura electiva ese nome universal, coma se un astro, que sucederían no Hamlet de William Shakespeare, en Thomas Man, en Paul Valery e nas sete cancións para a primeira parte da ópera do seu nome, de Richard Wagner. **Prégovos pois, coma un suplicatorio, que conservemos tamén así nesta grandeza solidaria o noso orgullo de Galicia nesta tradición de resistencias e das homenaxes que aquí erguestes hai vintecatro anos. Por nada deste mundo, e dos que houber, asinedes preferentes -esa palabra deturpada polos honorabeis roubadores das sinaturas e dos compromisos de hoxendía- para a renuncia desta obra magna que nos honra en terra e auga do profundo, en sentimento; e contra a comichura da miseria que por acaso poida vir e ser humana, para armar o desastre e a***

deserción, o desafiuzamento deste espazo singular, que na outra lingua din desahucio. Non volo perdoariamos, nunca.

E deixo para o remate o ramo e o ramallo, as marabillas do xogo e do xoguete que é o muiño: ese mundo feliz. Arquitectura sabia. Casorio permanente cos espazos, coas noites e cos días. Namoro onde sentar e onde bicar -na cerna da paisaxe- os labios mailos ollos que son patrimonio do Amor e da Vida, herdanza. Velaquí está o Muiño de Fausto, que non é cabeceira nen remate históricos: nin primeiro nin último no camiño do voso/noso río polisémico, feliz coma unha troita ou as anguías do paraíso. Río neno e troulador. Cen nomes debeu ter en cada paso da cerva dende a fontela do cumio de Hermelo ata alcanzar a ponte do Sinal (patrimonio histórico de Cangas que cómpre de axiña desvestir para que o Río se entregue ao Mar en coito coma en antes; e non en coto, en cativo e captiverio, en manchado e nugallán). Será para daquelas outra mañá de alzarmos as mans mailos sorrisos, as voces mailos ecos, ollando, sabendo, navegando tamén nas ardentías da esperanza, mar de fóra e mar da casa, e ser dos máis cumpridos e felices de por sempre soñar e bicar Terra. Aquí.

*“E somos así dos universos da ledicia
ata o confín de Cabo Home, Cíes, Soavela...
onde vos soño amigas e amigos na almofía
amorosiña das augas e das flores
cando o sol se chame abril e nunca inverno”*

(Seara, 2011)

Xosé Vázquez Pintor
Pregón da *Festa do Muiño de Fausto*
Coiro-Cangas do Morrazo, 5 de maio 2012